

# Entrevista Pereiro por Pereiro

Aldegunde Quiñones

*Xosé Manuel Pereiro achéganos á figura do seu irmán Lois*



*Creo Xosé Manuel Pereiro que o Día das Letras é unha celebración rara, porque parece propia dunha cultura normalizada: “en ningún outro lugar hai tal fervor popular, que abrangue dende a carreira de sacos dunha asociación de veciños ata o supermercado que che mete os produtos nunha bolsa cun poema do autor homenaxeado”. Colaborador en varios medios xornalísticos e decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, deixa ver nos seus artigos calidades que el destaca no seu irmán Lois: intensidade, retranca, agudeza. Neste ano inzado para el de compromisos -di que exerce de “viúva” do poeta- tivo a amabilidade de achegarnos á vida e á obra de Lois Pereiro.*

## **Sorprendeuno a decisión da RAG ao elixir o seu irmán para o Día das Letras deste ano?**

Foi unha decisión valente, porque supón dedicarlle o Día das Letras a alguén que estaba fóra do sistema literario. Non é a elección dun esforzado home que pelexou pola cultura galega, senón a dun rapaz que malia as ansias que tiña de coñecer a cultura de todo o mundo e estar na vangarda das tendencias artísticas, escolleu o galego por vontade propia cando tiña

16 anos e lle dixo á moza “nunca vou escribir en castelán, vou escribir un libro coma Manuel Antonio e morrer novo”.

Consideraba que era o que tiña que facer e nos outros 20 anos que viviu sempre o tivo moi claro e non lle importou que o considerasen ou non. Non traballou unha carreira literaria agás na mesa, escribindo. E a min é a algo que me enche de orgullo, porque grazas a esta celebración Lois Pereiro vai pasar de ser un autor de culto a ser un autor moi popular.

## **Vai cambiar moito a figura de Lois con esta dedicataria?**

O Día das Letras supón un pulo moi grande para un escritor pero ademais Lois vai ser un autor moi agradecido para a xente nova. Os primeiros poemas que escribiu, con 16 ou 17 anos, editados e perfectamente válidos,

eran para as compañeiras de instituto, non sei se como forma de ligar, e creo que son fáciles de interiorizar. Os poemas de Lois, a pesar de ser moi duros e moi intensos chegan moito á xente.

## **De onde lle viña esa predilección pola cultura centroeuropea?**

Creo que polo clima de Monforte: esa estética do frío, a néboa, as árbores sen follas, o ferrocarril... Agora hai que despexar a cultura coma se te bombardeasen con pelotas e escoller; daquela había que ila buscar, e o que se procura con esforzo sempre ten máis valor que o que che dan. Xa dende rapaces os dous odiabamos o verán, gustábanos o outono e o inverno... De moi novo tivo claro que quería ser poeta e devoraba películas. Cando estivo estudando en Madrid botaba o día na filmoteca, chegou a ver ata catro ou cinco películas nun día. Era unha ansia pola vangarda que tamén estimulabamos un no outro e que tamén compartían os seus compañeiros de xeración, aínda que non sabes por que che dá por aí.

## **Como crearon en Madrid, con outro grupo de galegos, a revista Loia?**

Daquela o que ofrecían as canles de cultura habituais non valía para nada -na radio poñían Karina e cousas polo estilo- e atoparte con persoas con inquiredanzas como Manolo Rivas, Antón Patiño, Menchu Lamas,

Lois era moi curioso e perfeccionista

Estaba fóra do sistema literario

Fermín Bouza, Reimundo Patiño era como atopar as almas xemelgas. Lois foi o primeiro que tivo un disco de Joy División en Monforte, e os seus amigos escoitaban a David Bowie ou a Velvet Underground cando eses discos non estaban nas tendas e os traía alguén que ía ao Reino Unido ou a Madrid. Era nesa época cando el recitaba a Baudelaire en francés para impresionar as rapazas.

### **Lois era un autor moi perfeccionista, non si?**

Tanto que ata lles pedía ás súas compañeiras de instituto os poemas que lles fixera para poder corrixilos. Era unha persoa moi curiosa, moi ordenada e moi perfeccionista. Comenta o editor que se por el fose seguiría pulindo continuamente. De feito, deixou inacabada unha novela por estar continuamente refacendo o texto: sempre tiña esa ansia de perfección. Tiña unha conciencia clara de que era poeta, aínda que penso que se non tivese ese perfeccionismo sería un excelente prosista e un excelente memorialista, porque era moi incisivo e moi agudo nas observacións.

### **Hai que di que a militancia máis importante de Lois era a lingua.**

A nós educáronnos en castelán pero o río do que viñamos (Santa Cristina do Viso, no Incio) era o galego. Para el foi unha opción natural que escolleu malia que no seu círculo de relación non eran galegofalantes. A pesar da etiqueta de poeta punk e de ser unha persoa de gustos artísticos radicais tiña unha vea de aristocracia rural. No mesmo sentido que Valle Inclán era carlista Lois era rural: na retransa, en observar e deslizar un comentario...

### **Sempre se di que Lois estaba á marxe dos círculos literarios, aínda que participou en proxectos colectivos coma *De amor e desamor***



Lois prefería os labirintos da vida aos círculos literarios pero gustáballe o recoñecemento e estar con xente que falase de literatura e de arte. Coma a todo artista, gustaba da difusión da súa obra e, de feito, estaba moi orgulloso de gañar o premio de poesía *O facho* e nos últimos meses da súa vida levou unha decepción ao non gañar o premio da crítica do que era finalista.

### **Foi consciente do valor da súa obra?**


El non era un poeta de fin de semana, era un poeta a tempo completo e coma todo artista a principal obriga era consigo mesmo. Si que foi moi consciente do valor da súa obra e deixou todos os seus papeis perfectamente ordenados. O que non tiña era as habilidades sociais para facer que a súa obra se editase. Gustáballe o recoñecemento pero nin sabía nin quería nin lle apetecía buscalo. Como lle pasa a todos os tímidos parecíalle que se non te recoñecen e case unha deshonra andar por aí facendo que te valoren.

### **Cales son as influencias e os temas máis sobranceiras da súa poesía?**

Estaba moi influído polos simbolistas franceses, a estética a cabalo dos séculos XIX e XX (Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Alfred Jarry) e por poetas que comezaron a escribir nos anos 50 coma Thomas Bernhard ou

## **Era unha persoa moi incisiva e aguda**

Peter Handke. Era o que el chamaba a xeadada estética centroeuropea, que lle recordaba a infancia en Monforte: o frío, a néboa, os traxes escuros, os sentimentos contidos. Na súa obra aparece o desastre, a ameaza, aínda que el tivo unha infancia moi feliz e creo que foi unha persoa feliz malia as enfermidades que padeceu.



Lois Pereiro por M. Vilariño